



COSTA DE BURELA

Adela Leiro, Mon Daporta
marzo 2019



Distancia: 6,5 km + camiñadas

Dificultade: baixa



- 1-Praia do Cantiño
- 2-Puntas do Cantiño e Carboeiro
- 3-Pasada da Ronca.
Ronca da Moura.
- 4-Río, Ronca e punta de Ancares
- 5-Portiño e Castelo das Pombas
- 6-Punta do Poxigo. Lombo da Besta.
- 7-Pena Doncela. Pasada da Rosa.
- 8-Bolar do Perdouro
- 9-Igrexa de Coeda.
Pasada das Cabras.
- 10-Os Guincheiros
- 11-Baixada da Limosa
- 12-Porto de BURELA
- 13-Pedra de Burela
- 14-O Penoural.
Praia da Pena de Ouro.
- 15-Praia do Portelo
- 16-Punta e praia do Cabaliño.
Cabo Forcado.
- 17-Punta da Correa
- 18-Cabo Burela
(Punta da Égoa e Mesa do Baño)
- 19-A Balea. Area das Cabras.
As Chanciñeiras.
- 20-As Carretiñas. As Salgasos.
- 21-Praia do Ril. O Castelo.
- 22-As Altas de Fóra
- 23-Punta da Laxe
- 24-A Dorna. O Remiche.
- 25-Praia da Marosa
- 26-O Fócaro As Piazasas.

O concello de Burela está situado na Mariña luguesa, entre o final da Rasa Cantábrica, na zona máis baixa e estreita da mesma, e as últimas estribacións da serra dos Cabaleiros. Un traxecto curto pero de gran interese xeolóxico e paisaxístico con dúas metades de características diferentes provocadas pola presenza de dous tipos de rochas: as cuarcitas, que se atopan na metade leste, metamórficas, dispostas en capas e de fracturas rectas e perpendiculares, que forman cantís cortados a pico con numerosos arcos e furnas entre os que hai pequenos seos con coios miúdos e algunhas praias; e os granitos, da metade oeste, rochas que se presentan en grandes masas compactas que orixinan cantís con formas redondeadas ou de castelo entre os que hai ocos con grandes bolos. A maiores dos distintos tipos de rochas e as alteracións que presentan nas zonas de contacto, na zona de Burela a actuación das forzas xeolóxicas provocou a deformación e a compresión das cuarcitas e creou nelas numerosos pregues que son ben visibles entre a "igreja" de Coeda e o porto, e especialmente nos cortes que se fixeron para crear a área de almacenamento da superficie portuaria. A importancia xeolóxica da costa de Burela fai que estea catalogada como **XEOSITE** (Lugar Xeolóxico de Interese Internacional), formando parte da **ZONA DE CIZALLA BASAL DO MANTO DE MONDOÑEDO**, e **LIX** (Lugar de Interese Xeolóxico do Estado).





Burela acolle o conxunto de pregues mellor conservado de toda Galiza. Unhas estruturas xeolóxicas de máis de 300 millóns de anos de antigüidade (Oroxenia Varisca). Producíronse como consecuencia da colisión das masas continentais Laurusia e Gondwana. As arxilas e cuarcitas aparecen deformadas como efecto da presión exercida sobre as rochas durante os movementos tectónicos.



XEOSITE (Lugar Xeolóxico de Interese Internacional), **AL002e (Geosite OV003e)**. **Zona de cizalla basal do manto de Mondoñedo en Burela.** Inclúe todo o litoral do concello agás parte da zona portuaria e a praia da Marosa. Dúas áreas diferenciadas (cuarcitas da Rasa de Ribadeo e Granitos de San Cibrao) que conflúen na zona do porto (Castrelo). Interese: Tectónico. Xeomorfolóxico.



A costa de Burela forma parte do tramo de costa Galega coñecido como Arco Cantábrico, chamado tamén Rías Altas, que vai desde Ribadeo ata o Cabo Ortegal, á beira do mar Cantábrico. Unha parte pertence á Rasa de Ribadeo, unha plataforma aplanada e elevada que cae directamente ao mar.

A **rasa de Ribadeo** forma parte da rasa Cantábrica que se estende desde o cabo de Peñas (Asturias) ata Burela. É unha superficie elevada (planalto) sobre o nivel do mar, moi chan, cunha pendente suave cara ao mar que se corta bruscamente terra a dentro, na liña na que se cree que antigamente estaban os cantís. Comeza con maior altura en Asturias, con 110 a 120 m, e vai descendendo pouco a pouco ata Burela onde só acada de 3 a 5 m. Na beira costeira remata en zonas de cantís que caen case rectos e zonas de praias. Así mesmo está interrompido polos vales dalgúns ríos.

A orixe desta rasa ou planalto foi moi estudada por diversos especialistas que barallan distintas hipóteses sobre as causas que puideron actuar máis ou menos combinadas: proceso tectónico de fallas e levantamento da costa no final da Oroxenia Hercínica, movementos epiroxénicos Alpinos, e elevación e descenso do nivel do mar con maior ou menor acción erosiva.



LIX (Lugar de Interese Xeolóxico) **“Erosión nos Granitos de Burela”**. Morfoloxía da erosión costeira en granitos de dúas micas con formas de paralepípedos. Situación: na punta da Laxe, preto da praia da Marosa.

PERCORRIDO

Un traxecto en coche con paradas, e pouco que camiñar a non ser na contorna da praia do Cantiño onde comezamos o percorrido e temos o tramo de costa máis recortada e irregular. Aquí, facendo aproximadamente 1 km a pé, podemos achegarnos a todos os lugares de máis interese: **praia a punta do Cantiño, Pasada da Ronca, Punta e Río de Ancares, Portiño e Castelo das Pombas** e ver desde alí a **Pena Doncela, O Bolar** e a **Igrexa de Coeda**. A segunda parada farémola no **porto** ao pé dos **pregues**, a onde chegamos polo desvío ao porto e collendo na rotonda do final á dereita para circular ao pé do cantil. A seguinte, continuando pola beira do mar, nas **praias do Pedrouro e O Portelo**, e logo seguindo os sinais que levan á praia da Marosa imos circulando moi preto do mar e a estrada ten zonas de estacionamento preto de todos os lugares de interese (o **cabo Burela**, a **praia do Ril**, a **punta da Laxe** e a **praia da Marosa**).



1-Praia do Cantiño, onde se pode apreciar a Rasa Cantábrica. Destaca a presenza de conglomerados sobre os cantís. Na zona abundan os arcos e furnas.






2-Punta do Cantiño



Ronca da Cova da Moura



Punta do Carboeiro



Ronca de Ancares




Río de Ancares



3-Pasada da Ronca



4-Punta de Ancares



5-Portiño e Castelo das Pombas





Portiño e Castelo das Pombas




6-Punta do Poxigo




Lombo da Besta



7-Pena Doncela



Pasada da Rosa



8-Bolar do Perdouro



Cantís, coído e pregamentos do Perdouro



8-Bolar do Perdouro e igrexa de Coeda

Nos cantís do Perdouro chama a atención a "líña de discordancia" que se observa no cantil e que indica a presenza de dúas capas sedimentarias claramente diferenciadas.



Curiosa furna producida pola erosión diferencial no cantil do Castrelo, nun filón de cuarzo que aflora entre as cuarcitas predominantes da zona.



Igrexa de Coeda



Pasada das Cabras

Entre o Perdouro e o porto de Burela atópase Castrelo, un conxunto de grande interese xeolóxico formado distintos tipos de rochas con furnas, arcos e pregamentos, que so se poden visitar coa marea baixa.



11-Baixada da Limosa



10-Os Guincheiros

Pregues do porto de Burela, un auténtico museo a ceo aberto de máis de 300 millóns de anos de antigüidade.





12-Porto de BURELA. Porto de Burela, o principal porto pesqueiro e de mercadorías da Galiza cantábrica, especializado en pesca de altura (gran Sol), e costeira do bonito. A súa lonxa é a cuarta en importancia de Galiza.



13-Pedra de Burela co faro



14-O Penoural. Praia da Pena de Ouro



15-Praia do Portelo



16-Punta e praia do Cabaliño



Cabo Forcado



17-Punta da Correa



18-Cabo Burela. Punta da Égoa.



Punta da Égoa.



Cabo Burela



19-A Balea




As Chanciñeiras

Mesa do Baño



Area das Cabras



20-As Carreíñas. As Salgasas. Ao fondo As Altas de Fóra





21-Praia do Ril. O Castelo.



23-Punta da Laxe



Curiosa forma de erosión nos granitos da punta da Laxe



25-Praia da Marosa



24-A Dorna. O Remiche.



Praia da Marosa



26-O Fócaro As Piazosas.



Vista de Burela desde o miradoiro da área de lecer do monte Castelo.



Fentos (*Adiantum capillus veneris*) nunha furna costeira



Corvo mariño